

INDICADORES DE INNOVACIÓN

Análise de resultados

Data de publicación: 14/11/2025

Principais resultados

- O gasto en I+D en relación ao PIB mostra unha evolución positiva en Galicia ao longo dos últimos anos, acadando o 1,3 % no 2023. Este indicador rexistra o 1,5 % e o 2,3 % en España e na UE-27, respectivamente.
- A porcentaxe de empresas galegas con gastos en innovación (13,9 %) é lixeiramente inferior á de España (14,4 %).
- A intensidade de innovación das empresas galegas (porcentaxe de gasto en innovación sobre a cifra de negocio) é inferior á das empresas españolas (0,8 % fronte a 1 %).
- A cifra de negocio xerada pola innovación de produto é menor nas empresas galegas que nas españolas.
- A porcentaxe de empresas galegas que cooperan para realizar actividades innovadoras é maior en Galicia (6,7 %) que en España (6 %).
- O ecosistema innovador galego destaca por ter un alto nivel de formación da poboación, mentres que non conta cunha posición destacada na creación e uso de propiedade intelectual (patentes, marcas e deseños).

1. Introducción

Este documento proporciona información relevante para a avaliación da actividade innovadora en Galicia a partir do cálculo de indicadores e da explotación dos datos da Enquisa sobre Innovación nas Empresas realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

A Comisión Europea creou dúas ferramentas de avaliación para medir e comparar a innovación en países e rexións. Estas ferramentas baséanse en indicadores que permiten informar sobre o desempeño en innovación:

- O *European Innovation Scoreboard* (EIS), centrado en informar a nivel nacional e supranacional
- O *Regional Innovation Scoreboard* (RIS), centrado en informar a nivel rexional

Ademais, o Instituto Galego de Estatística (IGE) desenvolve a actividade estatística Indicadores de innovación. Estes indicadores, recollidos no RIS para Galicia, teñen como finalidade caracterizar a posición relativa e o nivel de desenvolvemento da innovación galega no contexto español e europeo.

O apartado 2 deste documento analiza comparativamente a posición relativa de Galicia en materia de innovación con respecto a España e á Unión Europea dos 27 (UE-27), empregando para iso un conxunto de indicadores establecidos no RIS da Comisión Europea.

Por outra banda, no apartado 3 examínase a evolución temporal de determinados indicadores elaborados polo IGE conforme ás definicións recollidas no EIS e no RIS.

Finalmente, no apartado 4 preséntase unha análise comparativa da situación da innovación nas empresas galegas e españolas, elaborada a partir dos datos da Enquisa sobre Innovación das Empresas.

2. A innovación en Galicia

A seguinte táboa amosa a posición relativa de Galicia respecto de España e da Unión Europea dos 27 (UE-27) en base a un conxunto de indicadores de innovación proporcionados polo RIS da Comisión Europea. Son indicadores de rendemento relativo, onde o valor 100 nun indicador representa que Galicia acada un rendemento equivalente ao de España ou ao da UE-27. En todos os casos utilízase a información dispoñible máis recente.

Táboa 1. Resultados de innovación en Galicia respecto a España e a UE-27

Unidade: Porcentaxe

Indicador	Concepto	España	UE-27
1. Formación	Poboación de 25 a 34 anos con nivel de formación alcanzado educación terciaria	100,8	120,2
2. Formación	Formación permanente	97,5	115,6
3. Gasto	Gasto en I+D en relación ao PIB	83,9	55,3
4. Gasto	Gasto en innovación non de I+D como porcentaxe da cifra de negocio total	83,9	60,3
5. Gasto	Gasto en innovación por persoa empregada ^(a)	89,9	69,5
6. PEME	PEMEs innovadoras que colaboran con outras como porcentaxe de PEMEs	108,8	78,8
7. PEME	PEMEs innovadoras en produto como porcentaxe de PEMEs	92,8	62,5
8. PEME	PEMEs innovadoras en procesos de negocio como porcentaxe de PEMEs	94,2	59,8
9. Emprego	Emprego en actividades de coñecemento-intensivo como porcentaxe do emprego total	81,6	72,5
10. Emprego	Emprego en empresas innovadoras ^(a)	97,4	58,1
11. TIC	Penetración da banda larga ^(a)	91,1	111,8
12. TIC	Computación na nube nas empresas ^(a)	67,6	38,1
13. TIC	Especialistas en TIC empregados ^(a)	78,5	73,3
14. Solicitudes	Solicitudes de patentes PCT ^(a)	82	53
15. Solicitudes	Solicitudes de marcas ^(a)	64,2	75,5
16. Solicitudes	Solicitudes de deseños ^(a)	79,4	70
17. Resultados	Vendas de produtos novos para o mercado e para a empresa como porcentaxe da cifra de negocio	62	103,2
18. Resultados	Exportación de produtos de tecnoloxía media e alta ^(a)	97,9	64,8
19. Resultados	Productividade do traballo ^(a)	96,1	84,6

Notas: (a) Valor obtido do RIS da Comisión Europea.

Na columna de España, considérase España=100 e na columna da EU-27, considérase UE-27=100.

Fonte: IGE, INE, EUROSTAT e Comisión Europea.

Da análise dos indicadores despréndese que Galicia presenta unha posición favorable en materia de formación da poboación, tanto no relativo á educación terciaria como á formación permanente. Así mesmo, a extensión da banda larga tamén rexistra un resultado positivo con respecto á UE-27.


En relación con España, cabe destacar os bos resultados en exportacións de produtos de tecnoloxía media e alta, así como no nivel de emprego nas empresas innovadoras.

Respecto dos indicadores das pequenas e medianas empresas (PEMEs) innovadoras, Galicia supera a media española en colaboración entre elas (108,8), mentres que en innovación en produto (92,8) e en procesos de negocio (94,2) o rendemento é lixeiramente inferior á media española, situándose claramente por debaixo da media europea tal e como se pode ver no gráfico 1.

Pola contra, entre as debilidades da innovación en Galicia, cómpre salientar a computación na nube, o gasto en innovación, especialmente en I+D, e o número de solicitudes de patentes internacionais (PCT), marcas e deseños.

Gráfico 1. Resultados de innovación en Galicia respecto a España e a UE-27

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT e Comisión Europea.

3. Dinámica temporal dos indicadores de innovación

Neste apartado preséntase a análise da evolución temporal dunha serie de indicadores elaborados polo IGE e que están incorporados no RIS.

3.1 Recursos humanos

Os indicadores de recursos humanos teñen un excelente comportamento en Galicia. No gráfico 2 pódese apreciar un crecemento sostido da variable a partir do ano 2014. No ano 2024, o 53 % da poboación galega de entre 25 e 34 anos contaba cun nivel de formación de educación terciaria. Este indicador sitúase 0,4 puntos porcentuais por riba do valor de España e 8,9 puntos por riba da media da UE-27.

Do mesmo xeito, o indicador de Formación permanente, calculado como a porcentaxe de poboación de 25 a 64 anos que participou nalgunha actividade formativa, chega ao 15,6 % en Galicia no ano 2024. Esta cifra é 0,4 puntos inferior á do conxunto de España e 2,1 puntos por riba da media da UE-27. No gráfico 3 pódese apreciar un incremento notable desde o ano 2020.

Gráfico 2. Poboación de 25 a 34 anos con nivel de formación alcanzado educación terciaria

Unidade: Porcentaxe





Gráfico 3. Formación permanente

Unidade: Porcentaxe




Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

3.2 Financiamento

No tocante ao gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) en relación ao produto interior bruto (PIB), Galicia e España atópanse por baixo da media europea. Desde o ano 2014, Galicia vén reducindo a distancia neste indicador con respecto á UE-27, tal e como se amosa no gráfico 4. No ano 2023, o gasto realizado en I+D en Galicia supuxo o 1,3 % do PIB mentres que en España e a UE-27 acadou o 1,5 % e o 2,3 %, respectivamente.

Gráfico 4. Gasto en I+D en relación ao PIB

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

3.3 Inversión das empresas en innovación

Na Táboa 2 móstrase o gasto das empresas en innovación non vinculada á I+D (como o investimento en equipamento e maquinaria e a adquisición de patentes e licenzas, que miden a difusión de novas ideas e tecnoloxías de produción) como porcentaxe da cifra de negocio.

Táboa 2. Gasto en innovación non vinculada á I+D como porcentaxe da cifra de negocio total

Unidade: Porcentaxe

Tempo	UE 27	España	Galicia
2012	0,8	0,3	0,7
2014	0,8	0,4	0,6
2016	0,9	0,4	0,5
2018	0,9	0,6	0,6
2020	0,8	0,6	0,4
2022	0,8	0,6	0,5

Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

En 2012, as empresas de 10 ou máis asalariados con sede social en Galicia gastaron o 0,7% da súa facturación en actividades de innovación non vinculada á I+D, porcentaxe superior ao acadado nos seguintes anos. As porcentaxes da UE-27 mantéñense practicamente constantes (entre 0,8% e 0,9%) e as de España sofren un ascenso do 0,3% en 2012 ao 0,6% nos últimos anos.

En 2022, último ano para o que dispoñemos de datos para Galicia, as empresas de 10 ou máis asalariados con sede social en Galicia gastaron o 0,5% da súa facturación en actividades de innovación non vinculada á I+D, porcentaxe que se sitúa por debaixo do 0,6% para España e do 0,8% para a UE-27.

3.4 Empresas innovadoras de produtos e proceso de negocio

A porcentaxe das PEMEs con sede social en Galicia que introduciron un produto novo ou significativamente mellorado case se duplica entre os anos 2012 e 2022, pasando dun 8,4 % a un 16 %. A pesar desta mellora substancial, tal e como se reflexa na Táboa 3, a porcentaxe de PEMEs innovadoras de produto en Galicia no 2022 está por debaixo da de España e da que mostra UE-27, que acadaron o 17,2 % e o 25,6 %, respectivamente.

Táboa 3. Porcentaxe de PEMEs innovadoras en produto

Unidade: Porcentaxe

Tempo	UE 27	España	Galicia
2012	22,6	9,7	8,4
2014	22,2	10,4	10,2
2016	24,2	10,3	9,2
2018	28,7	13,8	12,5
2020	26	17,9	14,6
2022	25,6	17,2	16

Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

Por outra banda, moitas empresas innovan mellorando os seus procesos de negocio (como innovacións en procesos de produción, márketing e organización). Tal e como se reflexa na Táboa 4, o 24,7 % das PEMEs con sede na comunidade autónoma innovaron en procesos de negocio, mentres que en España o fixeron un 26,2% e na UE-27 o 41,2 %.

No período 2012-2022 a porcentaxe de PEMEs innovadoras en procesos de negocio experimentou unha redución en Galicia, pasando do 26,1 % ao 24,7 %. Contrariamente, en España esta porcentaxe incrementouse do 24,6 % ao 26,2 %, estando por debaixo de Galicia no período 2012-2016 e por riba no período 2018-2022. Así mesmo, a porcentaxe de PEMEs innovadoras en procesos de negocio na UE-27 incrementouse no período 2012-2022, situándose ao longo deste período por riba das cifras de España e Galicia.

Táboa 4. Porcentaxe de PEMEs innovadoras en procesos de negocio

Unidade: Porcentaxe

Tempo	UE 27	España	Galicia
2012	33,8	24,6	26,1
2014	32,3	26,9	27,7
2016	35,1	28,2	28,6
2018	40	22,9	20
2020	41,6	26,1	24,5
2022	41,2	26,2	24,7


Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

3.5 Impacto económico da innovación

Na seguinte gráfica móstranse a porcentaxe de emprego en actividades de coñecemento intensivo, como porcentaxe do total de emprego. En 2024, o 11,1 % das persoas ocupadas galegas desenvolvían a súa labor en actividades de coñecemento intensivo. Esta porcentaxe é igual á rexistrada no 2023 (11,1 %).

Gráfico 5. Porcentaxe de emprego en actividades de coñecemento intensivo

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

A Táboa 5 mostra a porcentaxe de produtos que son novos para o mercado ou ben que son novos para a empresa. Durante o período 2012-2022, as porcentaxes das vendas deste tipo de produto nas empresas galegas e españolas son variables, se ben case sempre son superiores ás da UE-27. Especificamente, no ano 2022, o 13,5 % da cifra de negocios das empresas de 10 ou máis asalariados e con sede social en Galicia correspondía a vendas desta tipoloxía, mentres que en España esta porcentaxe era do 21,7 % e a media da UE-27 do 13,1 %.

Táboa 5. Porcentaxe de vendas de produtos que son innovadores para mercado ou para a empresa

Unidade: Porcentaxe

Tempo	UE 27	España	Galia
2012	13,1	14,3	14,1
2014	12,1	15,9	20,5
2016	12,5	19,3	15,8
2018	11,6	16,1	11,1
2020	13,1	21,7	22,5
2022	13,1	21,7	13,5

Fonte: IGE. Indicadores de Innovación.

4 A innovación empresarial en Galicia

Neste apartado realízase unha análise comparativa do comportamento innovador das empresas con sede en Galicia e das do conxunto de España, con información relativa ao ano 2022 e para as empresas con 10 ou máis traballadores.

A información utilizada refírese aos resultados da última edición dispoñible da Enquisa sobre Innovación nas Empresas elaborada polo INE. Esta enquisa recolle información relativa ao gasto en innovación, o emprego en actividades innovadoras, a cooperación e os resultados da innovación obtidos.

Desde o exercicio 2022, o INE considera como empresa a efectos estatísticos tanto unha unidade legal independente como un grupo empresarial —ou parte del— que opere de maneira conxunta e con autonomía de decisión. O INE publica resultados con ambos criterios. A análise realízase co criterio de unidade legal, por razóns de comparabilidade co sistema de indicadores.

A continuación examínase o comportamento innovador das empresas galegas e españolas a través de cinco ámbitos principais: o esforzo investidor, o grao de intensidade, os tipos de innovación realizados, as fontes de financiamento e as relacións de cooperación.

4.1 Gastos en innovación das empresas galegas

Nas Táboas 6 e 7 recóllese a porcentaxe de empresas que realizan gasto en innovación, distinguindo segundo o tamaño e o sector de actividade.

A porcentaxe de empresas galegas que realizan gasto en innovación é lixeiramente inferior ao das empresas españolas, 13,9 % fronte ao 14,4 %. Esta diferenza tamén se observa nas empresas de menos de 50 asalariados; con todo, amplíase en 1,5 puntos (Galicia 21,8 % e España 23,3 %) nas empresas de tamaño intermedio de 50 a 249 empregados. Pola contra, nas empresas con 250 ou máis persoas asalariadas, a diferenza resulta favorable a Galicia, cun 42,0 % fronte a un 38,8 %.

Táboa 6. Porcentaxe de empresas con gastos en innovación por número de asalariados

Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Galicia	España
De 10 a 49	11,9	12,1
De 50 a 249	21,8	23,3
250 e máis	42	38,8
Total	13,9	14,4

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Tanto en Galicia como no conxunto de España, as empresas industriais son as que máis gasto en innovación fan, seguidas polas empresas do sector servizos. Pola súa banda, as empresas do sector primario e da construción rexistran os valores máis baixos. En case todas os sectores, agás nos servizos, España presenta porcentaxes superiores a Galicia, en particular na industria, onde a diferenza é máis de 4 puntos: o 18,5 % para Galicia fronte a 22,6 % para España.

Táboa 7. Porcentaxe de empresas con gastos en innovación por sectores de actividade

Unidade: Porcentaxe

Sectores	Galicia	España
Primario	5,7	8,4
Industria	18,5	22,6
Construción	6,9	7,6
Servizos	13,9	13,5
Total	13,9	14,4

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

En termos da composición do gasto en innovación, as empresas españolas destinan unha maior proporción a actividades de I+D que as galegas, tanto no gasto en desenvolvemento de I+D na propia empresa (I+D interna) ou no gasto derivado da compra de I+D a outras empresas (I+D externa). En España, o gasto en I+D interna representa a principal partida, mentres que en Galicia destacan os outros gastos en innovación como a compoñente máis relevante.

Táboa 8. Distribución do gasto en innovación por tipo de gasto

Unidade: Porcentaxe

	Galicia	España
Gasto en I+D interna	44,9	50,4
Gasto en I+D externa	4,4	9,7
Outros gastos de innovación	50,7	40
Total	100	100

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Analizando con máis detalle a partida doutros gastos en innovación, obsérvase un comportamento moi diferente entre Galicia e o conxunto de España. En Galicia, a subpartida máis relevante son os gastos correntes, mentres que en España destacan os gastos de capital. Tanto en Galicia como en España, os custos laborais representan a segunda subpartida máis relevante, con valores superiores ao 20 %.

Táboa 9. Distribución do gasto en outros gastos de innovación

Unidade: Porcentaxe

	Galicia	España
Custo laboral	22,3	23,0
Gastos correntes	47,3	20,6
Gastos de capital	20,4	50
Resto de gastos	10,1	6,4
Total	100	100

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

4.2 Intensidade en innovación das empresas galegas

A intensidade da innovación empresarial, medida como o cociente entre o gasto en actividades innovadoras e a cifra de negocios (expresado en porcentaxe), é do 1,0 % en España, mentres que en Galicia é do 0,8 %.

Se consideramos so aquelas empresas que realizan innovación, a intensidade innovadora das empresas galegas é do 1,7 %, mentres que a intensidade das empresas españolas se sitúa no 1,9 %. Así mesmo, se restrinximos o cálculo as empresas que levan a cabo unicamente actividades de I+D, a diferenza entre Galicia (1,6 %) e España (2,1 %) amplíase a 0,5 puntos.

Táboa 10. Intensidade de innovación das empresas

Unidade: Porcentaxe

	Galicia	España
Do total de empresas	0,8	1,0
Das empresas con gasto en innovación	1,7	1,9
Das empresas con actividades de I+D	1,6	2,1

Nota: Intensidade de innovación=(Gastos de innovación/ cifra de negocio)*100.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Distinguindo por tamaño de empresa, tal e como se recolle na Táboa 11, as PEMEgalegas presentan unha maior intensidade de innovación que as súas homólogas españolas. Pola contra, as grandes empresas españolas amosan unha intensidade innovadora superior á das grandes empresas galegas.

Tanto en Galicia como no conxunto de España, cúmprese que, canto maior é o tamaño das empresas segundo o número de persoas asalariadas, menor é a intensidade de innovación.

Táboa 11. Intensidade de innovación das empresas con gasto en innovación por número de asalariados

Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Galicia	España
De 10 a 49	4,0	3,7
De 50 a 249	2,4	2,4
250 e máis	1,2	1,6
Total	1,7	1,9

Nota: Intensidade de innovación=(Gastos de innovación/ cifra de negocio)*100.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

O comportamento da intensidade de innovación en Galicia e en España amosa diferenzas significativas ao distinguir por sector de actividade. En Galicia, é o sector primario o que acada a maior intensidade de innovación (3,2 %), mentres que en España destacan os servizos (2,5 %). Pola súa parte, tanto a industria como a construción presentan en Galicia niveis de intensidade de innovación algo superiores ou, cando menos, semellantes aos observados en España.

Táboa 12. Intensidade de innovación das empresas con gasto en innovación por sectores de actividade

Unidade: Porcentaxe

Sectores	Galicia	España
Primario	3,2	1,8
Industria	1,7	1,5
Construción	0,9	0,6
Servizos	1,7	2,5
Total	1,7	1,9

Nota: Intensidade de innovación=(Gastos de innovación/ cifra de negocio)*100.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

4.3 Tipoloxía de innovación das empresas galegas

A análise da tipoloxía de innovación nas empresas permite comprender mellor as estratexias empregadas para mellorar a competitividade e a eficiencia no mercado.

Segundo a Enquisa sobre Innovación nas Empresas do INE, as innovacións poden clasificarse principalmente en dúas categorías: (a) innovacións de produto, que implican a introdución de bens ou servizos novos ou significativamente mellorados; e (b) innovacións nos procesos de negocio, que se refiren á implementación de métodos ou procedementos significativamente novos no funcionamento interno da empresa ou na prestación de servizos.

De acordo coa Táboa 13, tanto en Galicia como en España, a frecuencia de ambas tipoloxías de innovación aumenta canto maior é o tamaño das empresas. En todos os casos, as innovacións nos procesos de negocio resultan máis frecuentes que as de produto, aínda que Galicia presenta unha maior porcentaxe de empresas innovadoras de produto que España, mentres que en España predominan máis as empresas innovadoras de procesos de negocio que en Galicia.

Táboa 13. Porcentaxe de empresas innovadoras por tipo de innovación

Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Innovadoras de produto		Innovadoras de procesos de negocio	
	Galicia	España	Galicia	España
De 10 a 49	53,4	47,5	84,9	86,9
De 50 a 249	58,1	61,7	84,8	87
250 e máis	71,8	70,2	93,6	90,2
Total	55	51,6	85,2	87,1

Nota: A porcentaxe está calculada para o conxunto de empresas innovadoras en produto e/ou procesos de negocio.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Considerando a cifra de negocio das empresas innovadoras de produto, a Táboa 14 mostra que a porcentaxe da cifra de negocio das empresas galegas con innovación de produto é menor que a das empresas españolas, tanto se consideramos que a innovación de produto foi unha novidade unicamente para a propia empresa, como no caso de que fora unha novidade para o mercado.

Se temos en conta o tamaño das empresas, as empresas galegas innovadoras máis pequenas presentan unha porcentaxe da súa cifra de negocio derivada de innovacións de produto superior á das empresas españolas, mentres que acontece o contrario para as empresas medianas e grandes.

Como consecuencia do mencionado anteriormente, a cifra de negocio das empresas innovadoras de produto relativa a produtos sen cambios é maior en Galicia que en España, coa excepción das empresas pequenas.

Táboa 14. Porcentaxe da cifra de negocio de empresas con innovación de produto

Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Innovacións de produto que foron novidade uni- camente para a em- presa		Innovacións de pro- duto que foron novi- dade no mercado		Produtos que se man- tiveron sen cambios	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
De 10 a 49	57,0	47,8	15,8	11,1	27,2	41,1
De 50 a 249	25,9	44,3	10,2	11,9	63,9	43,8
250 e máis	19,2	29,8	5,4	12,5	75,4	57,6
Total	23,2	33,0	7,0	12,4	69,8	54,6

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

4.4 Financiamento das empresas galegas

Como se pode ver na seguinte táboa, un 34,6 % das empresas galegas con actividades innovadoras obtiveron financiación mediante créditos ou emisións de débeda, superior ao 31,5 % das empresas españolas. Destas, un 43,2 % empregaron esa financiación para actividades innovadoras (42,1 % nas empresas españolas). Ao distinguir por tamaño de empresa, obsérvase que, canto maiores son as empresas, menor é o número das que obteñen financiamento, pero maior é a porcentaxe que destina do financiamento a actividades de innovación.

Táboa 15. Empresas con actividades innovadoras e financiamento privado por número de asalariados

Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Obtiveron financia- mento		Usaron o financia- mento para activida- des innovadoras ^(a)	
	Galicia	España	Galicia	España
De 10 a 49	36,2	33,3	42,5	41,3
De 50 a 249	30,2	27,5	43,6	44,7
250 e máis	23,8	23,1	57	45,5
Total	34,6	31,5	43,2	42,1

Nota: (a) De entre as empresas que obtiveron créditos ou emitiron débeda.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Por sectores de actividade en Galicia, son o sector primario e a construción os que presentan unha maior porcentaxe de financiamento (50,9 % e 54,5 %, respectivamente). Sen embargo, son os sectores primario e os servizos os que presentan un maior porcentaxe de empresas que empregaron esa financiación en actividades de innovación, ao redor do 50 %.

Táboa 16. Empresas con actividades innovadoras e financiamento privado por sector de actividade
Unidade Porcentaxe

Sector	Obtiveron financia- mento		Usaron o financia- mento para activida- des innovadoras ^(a)	
	Galicia	España	Galicia	España
Primaria	50,9	20,8	50,1	52,1
Industria	26,9	28,0	38,6	46,4
Construcción	54,5	42,5	21,2	37,5
Servizos	35,7	31,9	48,9	40,5
Total	34,6	31,5	43,2	42,1

Nota: (a) De entre as empresas que obtiveron créditos ou emitiron débeda.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Con respecto ao financiamento público, de acordo coa información contida na Táboa 17, a porcentaxe de empresas galegas con actividade innovadora que recibiron axudas da administración local e autonómica é maior que a que recibiron as empresas españolas innovadoras. Ademais, canto máis pequenas son as empresas, maior é a porcentaxe que recibiu estas axudas. Porén, canto máis grandes son as empresas, maior é a porcentaxe que se destina ás axudas á innovación

Táboa 17. Empresas con actividades innovadoras e financiamento público por número de asalariados
Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Obtiveron financiamento da Administración Local ou Autonómica		Usaron o financiamento para actividades innovado- ras ^(a)	
	Galicia	España	Galicia	España
De 10 a 49	24,4	18,2	15,6	12,8
De 50 a 249	23,7	20,8	29,2	24,7
250 e máis	21,3	19,2	56,8	45,3
Total	24,3	18,6	18,1	15,6

Nota: (a) De entre as empresas que obtiveron créditos ou emitiron débeda.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Segundo a Táboa 18, o sector primario e os servizos son os que acollen unha maior porcentaxe de empresas innovadoras que recibiron axudas da administración local ou autonómica. Sen embargo, é a industria o sector con maior porcentaxe de empresas que destinan esas axudas a actividades de innovación.

Táboa 18. Empresas con actividades innovadoras e financiamento público por sector de actividade

Unidade: Porcentaxe

Sector	Obtiveron financiamento da Administración. Local ou Autonómica		Usaron o financiamento para actividades innovado- ras ^(a)	
	Galicia	España	Galicia	España
Primario	31,7	22,7	23,4	5,1
Industria	23,5	19,4	31,0	30,5
Construcción	16,5	8,2	13,5	13,2
Servizos	25,7	19,8	13,3	12,0
Total	24,3	18,6	18,1	15,6

Nota: (a) De entre as empresas que obtiveron créditos ou emitiron débeda.

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

4.5 Cooperación das empresas galegas

De acordo coa información contida na Táboa 19, Galicia conta cunha maior porcentaxe de empresas, con respecto a España, que cooperan entre si para realizar actividades de innovación. Esta porcentaxe incrementábase co tamaño das empresas e chega a case un terzo no caso das grandes empresas

Táboa 19. Porcentaxe de empresas que cooperaron para realizar actividades innovadoras por número de asalariados

Unidade: Porcentaxe

Asalariados	Galicia	España
De 10 a 49	5,2	4,6
De 50 a 249	12,4	10,9
250 e máis	32,8	24,9
Total	6,7	6,0

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

As empresas do sector que máis cooperan en Galicia para realizar actividades innovadoras son as do sector industrial (9,3 %), e as que menos, as da construción (1,6 %).

Táboa 20. Porcentaxe de empresas que cooperaron para realizar actividades innovadoras por sector de actividade

Unidade: Porcentaxe

Sector	Galicia	España
Primario	5,0	3,9
Industria	9,3	9,6
Construción	1,6	2,9
Servizos	6,8	5,6
Total	6,7	6,0

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.

Da información da Táboa 21 despréndese que case 9 de cada 10 empresas galegas que cooperan para realizar actividades innovadoras fano con outras empresas fóra do seu grupo empresarial, e case un terzo con universidades.

Táboa 21. Tipo de cooperación das empresas

Unidade: Porcentaxe

Entidades colaboradoras	Galicia	España
Empresas fóra do seu grupo de empresas	88,8	88,7
Outras empresas do seu mesmo grupo	18,0	14
Universidades ou outros centros de ensino superior	33,1	21,1
Admon. pública ou institutos públicos de investigación	19,3	13,1
Usuarios ou clientes do sector público	3,5	3,6
Institucións sen fins de lucro	6,9	7,1

Fonte: INE. Encuesta sobre innovación en las empresas. Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE.